

A Rede de Dinamización presenta o seu programa para marzo en Boiro

O CDSI boirense saca 5 novos obradoiros co motivo do día da muller traballadora 8 de marzo

En Boiro, a 25 de febreiro de 2010. A Rede de Dinamización da Sociedade da Información, en colaboración co concello de Boiro, anuncia novas actividades de achegamento ás Novas Tecnoloxías que terán lugar no mes de marzo no CDSI. Os obradoiros a desenvolver e as datas nas que terán lugar son os seguintes:

- Iniciativa Empoderamento Feminino: Que vai contar con 5 obradoiros no que as destinatarias serán mulleres
 - o **“Alfabetización dixital”**: Busca capacitar ás mulleres asistentes no manexo con certa soltura dos obxectos (arquivos, cartafolios, ferramentas ...) e funcionalidades básicas que ofrece un computador, así como, tamén do manexo básico de internet e páxinas web. Desenvolverase de 18:30 a 20 horas **desde o luns 1 ao luns 8 de marzo**.
 - o **“Creación dunha conta de correo electrónico”**: Busca capacitar as mulleres asistentes na creación e manexo dunha conta de correo electrónico. Desenvolverase de 18:30 a 20 horas **desde o martes 9 ao luns 15 de marzo**.
 - o **“Ciberxénero”**: Busca dar a coñecer páxinas relacionadas co xénero feminino onde poden atopar recursos de interese. Desenvolverase de 18:30 a 20 horas **desde o martes 16 ao luns 22 de marzo**.
 - o **“Cita médica a través de Internet”**: A través de este obradoiro, as mulleres aprenderán como solicitar unha cita para o médico de cabeceira ou modificar os datos da súa tarxeta sanitaria a través de Internet. Terá lugar de 18:30 a 20:30 horas **o luns 23 de marzo**.
 - o **“Creación e edición de presentacións”**: Busca capacitar as mulleres asistentes na creación e de presentacións con Impress e tamen da súa edición para retocalas. Realizarase de 18:30 a 20 horas **desde o mércores 24 ao martes 30 de marzo**.

A marxe destas actividades desenvolveráanse 2 obradoiros máis para a poboación xeral.

- o **“Alfabetización dixital”**: Destinado a poboación xeral. Busca capacitar aos asistentes no manexo con certa soltura dos obxectos (arquivos, cartafolios, ferramentas ...) e funcionalidades básicas que ofrece un computador, así como tamén do manexo básico de internet e páxinas web. Terá lugar de 11 a 13 horas **desde o martes 2 ao venres 12 de marzo**.
- o **“Manexo de Base de datos”**: Destinado a poboación xeral. Busca capacitar aos asistentes no manexo con certa soltura dun programa de software libre que serve para crear bases de datos. Desenvolverase de 11 a 13 horas **desde o martes 16 ao venres mércores 25 de marzo**.

A **Rede de Dinamización**, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, enmarcada no **PEGS** (Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información) é unha das estratexias fundamentais para a inclusión na Sociedade da Información. A Rede ten entre os seus principais obxectivos titorizar a cidadanía con maiores dificultades e proporcionarlles os medios e ferramentas necesarios para poder formar parte activa da S. I. A RDSI conta con 45 dinamizadores e dinamizadoras espallados pola xeografía galega en diversos Centros de Dinamización, nos que se desenvolven charlas, obradoiros e cursos de alfabetización dixital, entre outros, adaptados ás

necesidades de diferentes colectivos sociais como son mulleres, persoas maiores, persoas con discapacidade, xuventude, asociacións e empresas.

O **prazo de inscrición** será até o comezo das actividades, ou até o fin de prazos. Para solicitar **máis información** sobre as actividades poden dirixirse ao CDSI de Boiro, sito no Centro Social, 2º andar, chamar ao teléfono 981.842.635 ou mandar un correo electrónico aos enderezos:

natalia.rianxo@dinamiza.fundacioncalidade.org

samuel.boiro@dinamiza.fundacioncalidade.org

Contacto: Natalia Alcalde Regenjo e Samuel Rodríguez Lado; Dinamizadores da Sociedade da Información.

Para máis información sobre o proxecto pódese acudir ao portal web da Rede de Dinamización da Sociedade da Información: www.redededinamizacion.eu.